



**MEMORIA  
CURSO ESCOLAR 2007-2008  
CEIP CONDESA DE FENOSA  
O BARCO DE VALDEORRAS  
(OURENSE)**

## MEMORIA CURSO ESCOLAR 2007-2008

Memoria do Equipo Directivo	Pax. 3
Memoria do Ciclo de Ensino Infantil	Pax. 5
Memoria do 1º Ciclo de Ensino Primario	Pax. 8
Memoria do 2º Ciclo de Ensino Primario	Pax. 11
Memoria do 3º Ciclo de Ensino Primario	Pax. 13
Memoria do Departamento de Orientación	Pax. 15
Memoria das Aulas de Pedagogía Terapéutica	Pax. 18
Memoria das Aulas de Audición e Linguaxe	Pax. 20
Memoria da área de Lingua Estranxeira	Pax. 22
Memoria da área de Educación Física	Pax. 25
Memoria da aula de Educación Musical	Pax. 27
Memoria da área de Educación Relixiosa	Pax. 27
Memoria do Equipo de Normalización Lingüística	Pax. 28
Memoria da aula de Informática	Pax. 29
Memoria da Biblioteca Escolar	Pax. 29
Memoria de Actividades Complementarias	Pax. 30
Memoria do Comedor Escolar	Pax. 32
Anexos	
Estatísticas avaliación por ciclos	
Proxecto Lector de Centro	
Memoria PLAMBE	
Memoria Axenda 21	
Memoria Plan de Formación en Centros	
Memoria da Implantación da liña en galego en El	

## MEMORIA DO EQUIPO DIRECTIVO

Como xa se expresaba no PXA deste ano, este curso académico representaba un reto para o noso centro ao termos que desenvolver unha nova lei educativa, coa creación dun marco de acordos que se tiñan que plasmar en distintos documentos, no mesmo ano que un acordo sindical e a súa aplicación aos horarios do profesorado nos levaba a unha redución importante das horas de reunións do profesorado. Emporiso soubemos aproveitar estas horas diminuídas e afrontar o noso traballo cunha eficacia bastante boa.

Así chegamos a acordos sobre obxectivos, criterios de avaliación e promoción, ferramentas de avaliación, uso das TICs, actividades alternativas ao ensino da relixión, etc... que permitiron, posteriormente, ao equipo do 1º Ciclo de Ensino Primario realizar a programación LOE das materias do ciclo.

Nos vindeiros anos asemade á implantación da LOE teremos que realizar este mesmo traballo, pero xa coa facilidade de ter acadado estes acordos unificadores.

Noutro orde de cousas discutimos, chegamos a acordos, redactamos e aprobamos documentos de gran importancia de cara ao futuro do ensino no noso colexio como son o Proxecto Lector de Centro, o Proxecto Socio-Lingüístico de Centro e o Plan de Atención á Diversidade. Quédannos, non obstante, importantes traballos para o seguinte curso, como o debate e elaboración do Plan de Convivencia, o proxecto de aplicación das TICs, etc...

Non descoidamos tampouco a formación no Centro, xa que dispuxemos dun proxecto de Formación en Centros, adicado á adaptación das programacións de aula á LOE, e dous grupos de traballo en activo, un relacionado coa posta en marcha do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) e outro coa Axenda21 Escolar de Galicia (sendo este o segundo ano que o centro se implica neste interesante proxecto de compromiso ambiental).

Noutro orde de cousas este ano foi o ano en que situamos ao colexio na rede mediante un Blog da biblioteca (<http://condesa.blogaliza.org>) e cun sitio web que estamos tentando encher de contido (<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa>).

Dentro do portal do colexio hai uns lugares especiais para a Biblioteca, para a Axenda 21 e o comité ambiental, para os recursos educativos na rede elaborados no propio centro, para as publicacións e para os documentos elaborados no colexio. Pensamos que nese proxecto das TICs que queda pendiente de elaboración a nosa Web ha ter un lugar especial.

Tamén sinalar que conseguimos a promesa de que neste vrao vaise realizar a tan anxeiada ampliación do colexio. Neste curso escolar houbo que volver a dar clases en espazos tan pouco suxestivos como o salón de actos, usar aulas ao xeito das camas quentes dos submaríños, ou mesmo coincidir na biblioteca clases de actividades alternativas ao ensino da relixión e grupos de apoio, e todo iso pola falla de espazos que viñemos dende hai anos reiterando en todas as nosas memorias.

A reforma prometida, e para a que xa temos baleirado o faiado de material desfasado, consistirá na creación de 5 novas aulas no corpo central do colexio no segundo andar. Pensamos aproveitar esta obra para unha redistribución dos espazos (a aula de música viaxará ao 1º andar e ampliaremos o espazo da Biblioteca) e recuperarmos a aula de idioma estranxeiro que houbo de ser eliminada pola carencia total de espazos que padecemos.

Neste curso implantouse unha liña de Ensino Infantil en galego, que, como se comenta nun anexo a esta memoria, contou cunha boa aceptación por parte dos pais e nais así como polo profesorado da etapa infantil, a pesar de que a iniciativa tivo que ser realizada con moitas presas por mor dos prazos administrativos de solicitude.

Así mesmo tivemos problemas cos prazos de entrega das axudas aos ENDL o que motivou que este ano os equipos de bastantes centros educativos quedaramos sen dotación económica. Certamente cremos que o cambio do departamento a elementos alleos ao ensino non facilita para nada o labor dos equipos que se encontran atafegados coa organización do seu traballo, coa

elaboración de documentos e con barreiras burocráticas enormes sen apoio de ningún tipo. Actitudes como estas levan a cundir o desánimo de xentes que teñen dado moito ao ensino en Galicia.

Por último queremos sinalar a respecto do acordo de reforma de horario laboral asinado pola Consellería e os sindicatos do sector, que a súa aplicación levounos a ter que suprimir os apoios individualizados que se facían dentro das clases. Esperamos que en breve, e según se vaian aplicando os acordos pasemos a unhas plantillas que volvan garantir este tipo de apoios individualizados que tan bos teñen demostrado ser.

En canto ás horas adicadas ao desempeño de funcións propias de cargos directivos, se ben chegamos a arranxarnos con elas, non deixamos de sentirnos discriminados con respecto aos centros que contan con persoal administrativo, que, como no caso dos IES poden chegar a ser atados .

## MEMORIA FINAL DO CICLO DE ENSINO INFANTIL

### COMPOÑENTES DO CICLO.

Gisela García Ron (titora 3 anos)  
M. Teresa García Ramírez (titora 3 anos, Coordinadora)  
M. Carmen Blanco Valín ( titora 4 anos).  
M. Elena González Pérez ( titora 4 anos)  
Silvia Rodríguez Calleja ( titora 5 anos)  
Cristina Delgado Delgado (titora 5 anos)  
Paz Ojea Ojea (.profesora de apoio)  
Asunción Gamarra Mondelo ( profesora de apoio e psicomotricidad)

#### Outros profesores:

Javier Pérez Gallego ( profesor de Inglés)  
Laura Barredo Barredo( profesora de música)  
Natalia Longo González .( Orientadora).  
Eva Castiñeira Mourenza ( profesora de A. L.)  
Marta Barroso Álvarez ( profesora de A.L.)  
Nuria Calvo Yáñez ( profesora de P.T.)  
Elisa Puente Murias (profesora de P.T.)

### PLAN DE ADAPTACIÓN.

Seguimos co plan de adaptación, para 3 anos, vixente dende hai anos, polos bos resultados constatados de cursos anteriores e mesmo do presente , e a boa acollida que ten por parte dos pais.

Como no curso anterior os nenos/as das aulas de 5 anos, que, para o ano, pasan a 1º. de Primaria tiveron un primeiro contacto coas profesoras do ciclo e as aulas nas que, previsiblemente, estarán o ano que ven.

### AGRUPAMENTO DO ALUMNADO.

-1 aula de 3 anos ( 16 nenos/as)	-1 aula de 4 anos ( 19 nenos/as ).
-1 aula de 3 anos ( 17 nenos/as)	-1 aula de 5 anos ( 24 nenos/as ).
-1 aula de 4 anos ( 19 nenos/as ).	-1 aula de 5 anos ( 25 nenos/as )..

### CALENDARIO DAS REUNIÓNS REALIZADAS E TEMAS TRATADOS.

As reunións realizáronse os mércores en horario de 13:30 a 14:30 do serán, e os principais temas abordados nelas foron os seguintes:

- Período de Adaptación do presente curso:. Elaboración das listas de entrada para os nenos/as de novo ingreso, programación das entrevistas individualizadas cos pais/nais e preparación da reunión de pais/nais de alumnado de novo ingreso
- Repaso da programación dos obxectivos xerais que se pretenden acadar por trimestre.
- Listado das necesidades de material de uso común, e por aulas.
- Organización da participación do ciclo nas actividades complementarias e extraescolares que se relatan no apartado correspondente.
- Deseño de actividades que impliquen a participación dos pais/nais.
- Programación do Período de Adaptación do curso que vén
- Necesidades cara o curso que vén.
- Realización da memoria

### CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE CICLO

A avaliación dos obxectivos plantexados en Ensino Infantil faise a través da observación sistemática(recurso básico ) dunha serie de aspectos que nos permiten ter un control do alumnado nos distintos momentos. Para realizala é indispensable dispoñer de pautas

apropiadas e planificar e prever a situación na que se van plantexar. Ademais tamén nos baseamos en:

- traballos individuais dos nenos/as;
- comportamento social;
- progresos que van facendo;
- adquisición de hábitos.

Ó mesmo tempo tentouse avaliar a cada alumno/a tendo en conta o seu estilo de aprendizaxe: lento, reflexivo, impulsivo,... Non se trata de modificar a programación proposta para o grupo, pero si de ter en conta o feito de que o alumno/a é diverso á hora de aprender e o punto de partida da cada un.

Unha vez ó trimestre mandóuselle ós pais un boletín que recollía a progresión das aprendizaxes do alumnado. Con certa periodicidade se informaba ós pais dos traballos que se ían facendo diariamente na aula sobre a unidade didáctica que se estaba traballando.

Por variados motivos houbo nenos/as que non acadaron os obxectivos plantexados facéndose con eles ó longo do curso un labor de apoio e reforzo na propia aula. De tódolos xeitos a evolución foi positiva tendo en conta o punto de partida, aínda que non se acadou o mesmo nivel que con outros nenos/as.

## **DIFICULTADES ATOPADAS NESTE CURSO E NECESIDADES CARA O ANO QUE VEN**

-Grupos de nenos moi numerosos e cunha deficiencia na madurez lingüística notoria que non poden ser atendidos de inmediato polo proceso que conleva o seu descubrimento e posterior diagnóstico e pola falta de dispoñibilidade do profesorado.

### **NECESIDADES**

Necesidades de carácter material son:

- Pavimentación do patio de recreo pegado ás casiñas de xogos co material homologado para " Parques Infantís".
- Poñer cespede no patio de recreo pegado á parte trasera da casiña
- Actualización dos baños
- De novo solicitamos varnizar o chan das aulas de Infantil.

### **APROVEITAMENTO DOS MEDIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Como tódolos anos a importancia que lle damos á manipulación e á experimentación cos materiais por parte do propio neno/a, un tempo de preparación e programación está adicado a distribución e catalogación por idades e necesidades deste material.

Así mesmo parécenos moi importante a elaboración e transformación de material a partir do material de refugallo. Por iso é un dos recursos didácticos que utilizamos e que nos axuda a conecta-lo entorno e a escola.

O material, aínda que pertence a unha aula determinada, compártese entre todas en función das necesidades e da súa idoneidade para a idade dos nenos/as.

Outros materiais utilizados son as cassettes, Cds, a fotocopiadora, o vídeo, prensa, ordenadores,... Algún destes materiais son utilizados de forma compartida polo centro.

Para a Psicomotricidade os nenos/as usan material específico que se atopa recollido na Aula de Psicomotricidade habilitada a tal efecto.

Destacaremos aquí o afianzamento do uso da biblioteca polos nenos/as de 5 anos que de xeito autónomo acudían para levar en préstamo os contos que logo lían na casa.

Os martes na hora de titoría artellase un contacontos o que poden acudir os nenos/as de 3, 4 e 5 anos acompañados polos seus pais/nais para escoitalo e poder coller libros.

Os alumnos/as de 5 anos acudiron semanalmente á aula de informática para poñer en práctica os materiais de apoio á lecto-escritura elaborados co programa Clic. Tamén os nenos/as con n.e.e. traballaron con estes e outros materiais informáticos.

Valórase positivamente os resultados obtidos polo motivante da actividade.

## **ACTIVIDADES CONXUNTAS REALIZADAS DENTRO DO CICLO**

Cine no salón de actos.

Elaboración de diversas exposicións referidas a temas concretos: exposición de produtos do outono, entroido, debuxos e elaboracións de murais..

Traballos relacionados coas unidades, cos acontecementos e festividades (coroa do agosto, flores, elaboración de turrón de chocolate e trufas...)

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS REALIZADAS.**

Durante este curso participouse en tódalas actividades extraescolares que se fixeron conxuntamente como así consta na Memoria de Actividades Extraescolares.

A parte delas fixéronse outras actividades complementarias como son:

Participación no Magosto, festival de Nadal, Entroido, día da Paz, elaboración de actividades para a celebración das Letras Galegas ( A busca do tesouro, xogos populares, teatro...)

Saídas:

- Visita ao Parque de Bombeiros da Rúa (4 anos)
- Participación das seis unidades no Taller de Cata do mel
- Participación das seis unidades no Programa de Nutrición (títeres)
- Teatro: “ A ratiña presumida” actuando nenos/as do Club de Lectura
- “ A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella” actuando nenos/as de 5º
- Participación das seis unidades de Ensino Infantil na XII Convivencia de Educación Infantil realizada o día 15 de maio en Rubiá
- Actividades de animación á lectura cun contacontos
- Guiñol elaborado polas nais da escola.
- Graduación dos nenos/as de 5 anos
- Festa fin de curso no ciclo organizada pola AMPA.

A maior parte destas actividades resultaron moi bonitas e enriquecedoras para os nenos/as. Esperamos, dun modo ou outro, darlle continuidade no próximo curso.

## **VALORACIÓN DO PROGRAMA DE ANTICIPACIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA**

Durante o curso escolar 2007/08 impartíronse clases de inglés en Ensino Infantil de 3, 4 e 5 anos, a razón de dúas sesións de 30 minutos de duración.

Para acadar os obxectivos previstos, levouse a cabo unha metodoloxía motivadora e lúdica, partindo sempre dos intereses do alumnado.

A consecución dos obxectivos foi positiva, así como o interese que o alumnado amosou ó longo do curso.

## **VALORACIÓN DA LIÑA EN GALEGO**

Durante este curso 2007/08 tivemos unha liña en galego, acolléndonos á convocatoria que para a creación destas liñas en contornos castelán falantes ditou a Consellería de Educación

O longo do curso escolar, utilizouse como lingua de relación o galego, e igualmente nesta lingua estaba a maioría do material impreso. Non embargantes garantiuse en ámbalas dúas liñas (galega e castelán) o coñecemento do vocabulario de cada tema nas dúas linguas.

A valoración xeral desta nova experiencia levada a cabo no noso colexio foi moi positiva, xa que consideramos cos nenos/as acadaron , en boa medida, os obxectivos propostos.

## MEMORIA FINAL 1º CICLO DE PRIMARIA

### COMPOÑENTES DO CICLO:

Titora 1º A: Rosa Varela Gómez.

Titora 1º B: Aurea Ochoa Ochoa (Coordinadora).

Titora 2ª A: María Encarnación Moldes Cobelas.

Titora 2º B: María del Carmen García Fernández.

Relixión: Nicolás Martínez Asenjo.

Música: Laura Barredo Barredo

Lingua extranxeira: Manuel Francisco Gómez Vidal e Javier Pérez Gallego.

Educación Física: Irene Pérez López.

Departamento de Orientación: Natalia Longo González.

Os compoñentes do Ciclo participaron este ano nas seguintes actividades:

1. Equipo de Biblioteca.
2. Proxecto de formación.
3. Axenda 21.
4. Equipo de Normalización Lingüística.

### REUNIÓN E TEMAS TRATADOS

As reunións tiveron lugar os mércores de cada semana,( non sendo cando tiñamos reunión xeral) en horario de 13:30 a 14:30 na aula de 1ºB.

Os temas tratados e consensados nas mesmas foron:

1. -Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais para o curso 2007-2008 que constan na PXA.
2. -Elaboración de mapas conceptuais das distintas unidades.
3. -Horarios para baixar ás distintas actividades de biblioteca. Tráballo de lectura na biblioteca e na aula.
4. -Determinación dos obxectivos mínimos do ciclo.
5. -Determinación dos criterios xerais xunto co resto dos ciclos para abordar a elaboración da programación LOE.
6. -Aportacións, discusións e suxerencias en relación ao plan lector do centro e o proxecto sociolingüístico e a posibilidade de buscar un tempo lector compartido.
7. -Reunión ao inicio do curso cos pais/nais, tratándose os seguintes temas:
  - a. Hixiene xeral dos nenos/as, normas básicas de alimentación e descanso.
  - b. Posta o día dos datos telefónicos.
  - c. Esixencia de puntualidade e asistencia ao centro, e a obriga de comunicar e xustificar as faltas ao titor/a.
  - d. Tráballo persoal do alumno/a na casa, co seu carácter voluntario e non obrigado.
  - e. Suxerencia da conveniencia de controlar os horarios de televisión, e a recomendación de que lles lean e fagan ler contos axeitados a súa idade, así como a ocupación do tempo de lecer con xogos apropiados e educativos.
  - f. Información do funcionamento dos apoios organizados dende o departamento de Orientación.
8. -Participación nas actividades complementarias e extraescolares.
9. -Coordinación cos mestres titores e o resto dos profesores que imparten clases no ciclo.
10. -Conveniencia de recordar as normas de comportamento e disciplina. Insistencia na importancia de combatir a agresividade.
11. -Posta en común cara as avaliacións e os criterios das mesmas.

### ACTIVIDADES DENTRO DO CENTRO

Fixéronse todas aquelas que o equipo considerou oportunas para acadar os obxectivos establecidos:

-Elaboración de carteis, murais, mapas conceptuais.. en relación as unidades didácticas

estudadas.

- Participación nos Clubes de lectura.
- Actividades de formación de usuarios co bibliotecario.
- Organización e participación en todas as conmemoracións do centro:( Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Contacontos, Recitado de poemas, teatro, semana da Natureza...)
- Participación en actividades de fomento e estímulo da lectura; vaille co conto ao profe, Contacontos, teatro, Clubes de lectura, Actividades da biblioteca, de centro e aulas,
- Participación no Proxecto Axenda 21 que inclue:
  - .Vixilancia das Patrullas Verdes.
  - .Incentivar o aforro no consumo de papel.
  - .Participar na recollida selectiva do lixo.
  - .Participar nas actividades do horto.
  - .Decoración de macetas e posterior plantación.
  - .Colaborar no proxecto de aforro enerxético.
- Participación en diferentes concursos,(fertiheria, Olimpiada do Saber, elaboración de marcapáxinas,tarxetas de Nadal, contos, poemas e todos os organizados polo ENDL do centro.)
- Participación na elaboración da Revista escolar.
- Visitas ao blog do colexio.

### **ACTIVIDADES FORA DO COLEXIO EN HORARIO LECTIVO**

- Excursión a Ponferrada nunha visita cultural o Castelo e ao teatro (representación dunha obra baseada na fábula da Cigarra e a formiga).
- Saídas ao punto limpo,biblioteca municipal(fixemónos socios), envasadora de castañas e panadería.
- Saídas a casa da cultura a representacións teatrais diversas: teatro, títeres, Mago Cali..

### **APROVEITAMENTO DOS MEDIOS E RECURSOS**

- Como método para introducir as TIC no traballo da aula temos unha hora de asistencia a semana cos nenos/as a aula de informática,destacando o uso da mesma como recurso didáctico: programas Clic, internet, procesadores de texto (openoffice, writer)..Este ano contamos además cun ordenador en cada unha das aulas que pode ser utilizado por profesores e alumnos. Tamen contamos con programas e páxinas feitas no colexio( O corpo humano, actividades varias en Jclic, visitas ao blog do colexio..)
- Utilización de recursos audiovisuais(televisión, video, DVD,CD,radio)
- Uso por parte dos nenos/as do servizo de biblioteca (préstamo, contacontos, vaille co conto ao profe..)
- Participación nos distintos concursos (Olimpiada do saber,concursos do ENDL..)
- Intercambio de libros entre os diferentes compoñentes do ciclo.

### **NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBOECTIVOS**

A maioría dos nenos/as do Ciclo foron adquirindo os obxectivos de maneira satisfactoria, seguimos pensando que é necesario mellorar no referente as normas de convivencia e comportamento en corredores, comedor, patio, aulas.Sería conveniente seguir coa aplicación do carnet por puntos como un dos medios postos en marcha o ano pasado para reeducar conductas.

Xa sinalamos o ano pasado a dificultade que conleva a mobilidade do alumnado e como a afluencia o longo do curso de emigrantes dificulta enormemente coller a marcha do curso.

O ano pasado tiñamos unha aula mais específica para acoller a este tipo de alumnos e este ano os problemas de apoios mas específicos o alumnado de distintas linguas presenta a dificultade añadida deste espazo, polo que unha aula que propiciara a inmersión lingüística parecenos moi necesaria así como un profesor que acolla de maneira específica a este alumnado paralelamente a inmersión dos mesmos dentro da súa aula.

## **AVALIACIÓN DOS APOIOS E EDUCACIÓN ESPECIAL**

A atención aos nenos/as con n.e.e realizouse nas aulas de PT e AL, asistindo as aulas específicas no horario marcado pola Orientadora do centro. Os apoios individualizados que se viñan realizando dentro da aula por profesores/as non especialistas viuse mermado polo feito de a entrada en vigor da LOE que trouxo horas libres pero non máis profesores para poder levalos adiante. Consideramos coma moi convenientes mais apoios xa que a escasez de horarios da lugar ao desvío dos nenos/as a outros medios de atención fora da escola.

## **VALORACIÓN DO PROGRAMA DE LINGUA E CULTURA PORTUGUESA**

Valorase de forma axeitada e moi positiva en canto permite o alumnado portugués ou con ascendentes portugueses e tamén galegos a posibilidade, dunha parte, de manter a súa lingua e cultura tan achegadas a lingua e cultura galegas, e doutra achegarse ao coñecemento dunha lingua e cultura diferente para os que non as coñecen tan de cerca.

## **VALORACIÓN DO PROGRAMA DE LINGUA EXTRANXEIRA**

Este ano coa implantación da LOE o que ata agora constituía un programa de anticipación convertíuse nun programa xa implantado nun horario lectivo e cun obxectivos concretos. Os alumnos/as non só enriquecécese moito lingüística e culturalmente senon que séntense moi motivados no seu aprendizaxe. A insitencia por parte dos profesores en falar na lingua inglesa de maneira reiterada da uns froitos que parecen difíciles de acadar ao comezar o curso e que todos podemos constatar o finalizar o mesmo.

## MEMORIA FINAL 2º CICLO PRIMARIA

### COMPOÑENTES DO CICLO

Titor 3ºA: Laura Barredo Barredo  
Titora 3ºB: Rosa López Alfonso  
Titora 4ºA:(Coordinadora) : Mª Consuelo González Rodríguez  
Titora 4º B: Mª Consuelo Ares Rodríguez  
Educación Física: Modesto Rodríguez Centrón  
Lingua e Cultura Portuguesa: Joaquim

### CALENDARIOS DE REUNIÓNS E TEMAS TRATADOS

As reunións do 2º ciclo realízanse todos os mércores do curso, de 13:30 a 14:30, tratándose temas variados relativos ao desenvolvemento das actividades propias do ciclo así como das organizadas polo centro.

- Programacións
- Establecemento dos obxectivos do ciclo e organización dos apoios de recuperación coa colaboración do Equipo de Orientación.
- Actividades de avaliación inicial.
- Excursións, saídas e actividades culturais.
- Preparación das festividades escolares ( Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido, -Letras Galegas, semana da prensa, día do medioambiente, fin de curso...)
- Participación nas actividades da Axenda 21.
- Participación en concursos.

### ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

O 2º Ciclo, ben na súa totalidade ou parte das aulas participou nalgúns concursos que se considerou que traballaban aspectos curriculares ou transversais axeitados a nosa programación: Cursos e concursos de Educación Viaria organizados pola Policía Local, Semana da Natureza do Concello...  
Asemade realizáronse moitas actividades encamiñadas a participar nas festas celebradas no colexio, Axenda 21...

### ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

Neste curso os alumnos de 3º foron ao Centro Comarcal onde viron unha exposición sobre a auga e tamén acudiron a visitar as instalacións de Correos.  
Os nenos de 4º visitaron o Concello foron a Cooperativa “Jesús Nazareno” onde lle explicaron o proceso da elaboración do viño.  
A excursión de fin de curso foi unha visita a o Parque Marcelle Natureza e unha visita a cidade de Lugo.

### APROVEITAMENTO DOS MEDIOS E RECURSOS

Os alumnos fan moito uso da biblioteca tanto para o servizo de préstamos como nas demais actividades: hora dos deberes e vaille co conto ao profe.  
Tamén cabe subliñar o uso e disfrute doutras instalacións como o pavillón, aula de informática, salón de actos...

### NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Neste curso como no anterior seguimos traballando para conseguir maior orde, respecto,acatamento das normas, esforzo no traballo..., para iso un instrumento que deu moi bos resultados foi o “carne por puntos”.

## **DIFICULTADES ATOPADAS**

Algúns alumnos presenta unha falla de atención e motivación importante polas tarefas escolares e na maioría destes casos a non atopamos ningún apoio nin colaboración por parte da familia.

A aula de 3º A presentou máis dificultades pola existencia de algún nenos con diversos problemas: T.D.A e problemas de conducta, polo que a Orientadora xunto coa titora e as familias fixeron un seguimento especial adoptando medidas correctoras.

Pensamos que debemos artellar vías de entendemento pois a educación e aprendizaxe debe ser labor tanto do profesorado como dos pais para dotar aos nenos de hábitos de estudo e traballo.

## **AVALIACIÓN DOS APOIOS**

Os apoios realizados foron de dous tipos:

- Apoios na aula por profesorado non especialista na aula de 3ºA polos problemas sinalados .
- Apoios feitos polos especialistas de PT e AL con resultados positivos , destacando sobre todo os apoios de AL.
- Apoios de integración ao alumnado emigrante, levados a cabo por especialistas de P.T.

## **AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE LINGUA CULTURA PORTUGUESA**

A nosa valoración e positiva aínda que pensamos que debería haber unha maior coordinación

## **ACTIVIDADES DE REFORZO DE CARA O VERÁN**

Como e habitual recomendamos aos alumnos/as a realización dun libro de actividades para o verán, animándolles a que empreguen unha parte do seu tempo de lecer na lectura.

## MEMORIA DO 3º CICLO DE PRIMARIA

### COMPOÑENTES DO CICLO

David Vázquez Álvarez  
Concepción Moldes Carriba  
Manuel Francisco Gómez Vidal  
Francisco Pérez Lemos  
Ignacio Hermida  
Luis Fernández Gudiña  
M<sup>a</sup> José Pardo Suárez  
Irene Pérez López (coordinadora)

### CALENDARIO DE REUNIÓNS E TEMAS TRATADOS

As reunións do 3º ciclo realizáronse os mércores de cada semana en horario de 13:30 a 14:30 horas e nelas tratáronse, entre outros, os seguintes temas:

Elección de coordinador.

Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais a conseguir neste curso.

Preparación da reunión cos pais/nais de alumnos/as ao principio do 1º trimestre.

Saídas e actividades culturais.

Organización e participación en tódalas actividades relacionadas coas festas conmemorativas que o noso colexio festexa: magosto, nadal, o día da paz, día do libro, entroido, ...

Participación nas actividades das letras galegas.

Información e participación en diferentes e variados concursos.

Xornadas de educación vial

Semana da natureza

Actividades de fin de curso.

Excursión de fin de curso a Gandarío (A Coruña) e Puebla de Sanabria.

Avaliación e criterios de promoción.

### ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

Dentro de cada aula fixéronse actividades dirixidas a prepara-las distintas festas e días significativas:

Participación en diferentes concursos: “¡valores! ¿valores?”, marcapáxinas para o día do libro, concursos de poesía e redacción organizados no centro, elaboración de postais de nadal, ...

Participación na elaboración da revista escolar cun cómic da biografía do autor e outros traballos: chistes, receitas, pasatempos, contos,...

Elaboración de coplas para participar nos maíos que organiza o concello e recaudar diñeiro para a excursión de fin de curso.

### ACTIVIDADES FÓRA DA AULA

Asistencia ás charlas sobre Educación Vial Escolar impartidas polos gardas municipais do Barco e tamén práctica con karts.

Participación nas distintas actividades organizadas no mes de maio para conmemorar as Letras Galegas: caza do tesouro, actuación cunha obra de teatro preparada polos [alumn@s](mailto:alumn@s) de 5º curso.

Participación na Olimpíada do Saber.

Recitado de poemas en galego, monólogos e obras de teatro no festival de Nadal.

Visita á exposición “vivindo con volcáns” no Centro Comarcal.

Safari fotográfico polo entorno para participar nun concurso de voz Natura.

Saídas para un mellor coñecemento do entorno a CEDIE e Xagoaza.

Desprazamento a Ponferrada para asistir ao teatro “Pequeños paraísos”.

Participación nas xornadas de teatro escolar coa obra “A verdadeira historia de Carapuchiña vermella”.

Participación no programa de nutrición e varias charlas relacionadas coa reciclaxe, o mundo do mel, a auga,...

Asistencia ao Teatro Lauro Olmo en varias ocasións: actuación do mago Cali, Centro Dramático Galego (Valdemuller),

Participación nas Patrullas Verdes.

Excursión de fin de curso a Gandarío(6º) e Puebla de Sanabria(5º).

### **APROVEITAMENTO DOS MEDIOS E RECURSOS**

Salienta o aproveitamento feito polos nenos e nenas das ofertas cada día máis variadas da biblioteca do centro e da aula de informática.

### **NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

Os obxectivos programados ao comezo do curso tiveron un plantexamento tan amplo e ambicioso que o resultado ou consecución dos mesmos é moi limitada especialmente nos referidos aos valores morais como o respecto, responsabilidade, diálogo como xeito de resolver conflitos.

A motivación é cada vez máis difícil na aula e o desinterés polas tarefas escolares vai en aumento.

### **ACTIVIDADES DE REFORZO DE CARA Ó VERÁN**

Recomendamos e animamos ós alumnos a que lean moito durante o período de verán e que reforcen o aprendido mediante libros de vacacións. É necesario que haxa un control das horas de televisión e unha axeitada selección dos programas.

Tamén sería importante que a totalidade dos pais/nais se involucrasen no seguimento tanto académico como persoal dos nenos e nenas pois parece haber certa despreocupación neste sentido.

## MEMORIA DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN.

Durante este curso o Departamento de Orientación segue a ter unha estrutura cambiante, posto que a meirande parte do profesorado de apoio está a cubrir a súa praza de xeito provisional.

A xefatura do mesmo segue cuberta, de xeito definitivo, así como a praza de AL e outra de PT, aínda que o seu propietario definitivo estivo durante este curso en Comisión de Servicios.

Resaltar a importancia de contar cunha estrutura estable que coordine, planifique e apoie a acción titorial e orientadora.

A composición do Departamento de Orientación do centro foi a seguinte:

Álvarez Silva, Ana M <sup>a</sup>	Mestra de Pedagogía Terapéutica
Barroso Álvarez, Marta	Mestra de AL compartida co IES "Lauro Olmo"
Calvo Yáñez, Nuria	Mestra de Pedagogía Terapéutica
Castiñeira Mourenza, Eva	Mestra de Pedagogía Terapéutica
Estévez Iglesias, M <sup>a</sup> Cruz	Mestra de P T compartida co IES "Martaguisela"
García Ramírez, Teresa	Coordinadora Ensino Infantil
González Rodríguez, M <sup>a</sup> Consuelo	Coordinadora 2º ciclo
Longo González, Natalia	Xefa do Departamento de Orientación
Ochoa Ochoa, Aurea	Coordinadora 1º ciclo
Pérez López, Irene	Coordinadora 3º ciclo
Pestaña Barredo, M <sup>a</sup> Ángeles	Mestra de Pedagogía Terapéutica
Puente Murias, Elisa	Mestra de Pedagogía Terapéutica

Unha das novidades do curso foi a nova estruturación de departamentos de orientación e centros adscritos. No curso actual este centro deixou de ter ningún outro centro adscrito, posto que o CEIP "Otero Pedraio" de Viloiira pasou ter departamento propio e ten como centro adscrito a EEII de Éntoma.

Outra non menos importante foi o mantemento do persoal de apoio do curso anterior e a incorporación dunha segunda mestra de Audición a Linguaxe a tempo parcial. Salientar que, sen a mesma, non se poderían atender os numerosos casos existentes no colexio.

Facer especial mención da necesidade dunha dotación económica específica para o departamento sen cargo ao presuposto xeral do centro, na necesidade de espazos físicos para a atención ao alumnado de apoio, así como na necesidade de dotación de mobiliario de aula e material didáctico que no seu día foi solicitada á Delegación. Recalcamos especialmente este punto porque as carencias reseñadas no mesmo condicionan, en parte, o labor levado a cabo.

### MARCO DE ACTUACIÓN

Como ben queda reflectido no Plan de Orientación Educativa, a intervención do departamento realizouse nos seguintes ámbitos:

**Alumnado:** A intervención do Departamento neste ámbito centrouse na detección e avaliación das NEAE (necesidades específicas de apoio educativo) do alumnado, no asesoramento e deseño de criterios organizativos e pedagóxicos para atención á diversidade, na integración inicial do alumnado de novo ingreso ou procedente da escola adscrita ao centro, na realización da avaliación psicopedagóxica cando os casos así o requirían, na atención a demandas persoais de orientación e no asesoramento e orientación académica en momentos decisivos da historia escolar do alumnado.

**Profesorado:** O Departamento colaborou con todo o profesorado nas demandas que se lle plantexaron, contribuíndo á prevención, observación, detección, recollida e rexistro de información e análise e valoración da mesma. Realizouse un labor de asesoramento, cando o profesorado así o solicitou, sobre as actuacións que os titores podían levar a cabo en canto a atención á diversidade, avaliación, material adecuado, situacións

persoais especiais, etc. A través do Departamento tentouse dar un carácter estable á coordinación de titores e profesorado especialista co profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.

**Familias:** O Departamento colaborou coas familias dándolle resposta ás súas demandas, na medida das posibilidades e sempre en coordinación cos titores/as. Noutras ocasións as entrevistas eran de carácter informativo, cando así se requiría para a avaliación psicopedagóxica. Realizouse tamén un labor de información e asesoramento ás familias do alumnado con NEE e as familias de aquel alumnado que se atopaba en períodos de transición: remate da educación primaria, remate de ensino infantil, inicio da escolarización.

**Outros organismos:** A actuación do Departamento con outros organismos ou institucións pretendeu dar unha solución a dificultades que non se podían afrontar unicamente desde o propio centro, así como coordinar a intervención profesional que incide na atención do noso alumnado desde distintos ámbitos.

Fomentouse a relación cos servizos e institucións que prestan atención socioeducativa e sanitaria a parte do noso alumnado. En concreto traballouse especialmente en coordinación co Equipo de Orientación Específico Provincial de Ourense, co Servicio de Pediatría do Hospital Comarcal Valdeorras (HCV), co servicio de Saúde Mental do HCV, co Servicio de Fisioterapia do HCV, coa Unidade de Saúde Mental Infantil de Ourense, co Servicio de Atención Temperá de Ourense, cos Servizos Sociais do Concello de O Barco e do Centro de Saúde, con Menores e Meniños, coa Asociación Vagalume, así como cos especialistas privados que ofrecen axuda puntual a determinados alumnos/as do noso colexio.

## ACTIVIDADES LEVADAS A CABO

As actividades máis salientables deste curso son as seguintes:

Recollida e actualización de datos sobre o alumnado con neae.

Cumprimentación das fichas individuais do alumnado con neae. do centro para o Equipo de Orientación Específico de Ourense.

Confección e posta ao día de ficheiros de seguimento.

Detección e avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado.

Valoracións, avaliacións psicopedagóxicas e programa de intervención para o alumnado con neae

Realizacións de programas de modificación de conducta con aquel alumnado que se estimou oportuno.

Deseño, en colaboración co profesorado implicado, dos plans de actuación e do material para asegurar a debida atención á diversidade.

Coordinación de todo profesorado implicado con cada neno/a con atención específica para asegura-lo seguimento do plan de actuación para cada alumno/a e levar a cabo as estratexias adecuadas para cada caso concreto.

Estructuración de apoios en colaboración co Equipo Directivo.

Organización dos horarios das aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en colaboración co Equipo Directivo.

Avaliación das medidas de atención á diversidade

Orientación e colaboración coas profesionais implicadas (ATE) no deseño e seguimento dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado susceptible de coidadora.

Elaboración de modelos de impresos e protocolos.

Recollida das distintas demandas de tódolos sectores da comunidade educativa para a elaboración do plano de orientación.

Redacción do Plano de Orientación.

Avaliación do Plano de Orientación

Reunións semanais do Departamento de Orientación: Calendario de reunións e temas a tratar.

Reunións individuais cos pais dos nenos/as con NEAE co fin de explicarlle o Plano de Traballo Anual.

Participación nas reunións do profesorado para coordinar tarefas.

Participación en reunións de coordinación co Equipo Directivo.

Representación do Departamento de Orientación na Comisión de Coordinación Pedagóxica

Celebración de reunións co profesorado de apoio.

Participación nas sesións de avaliación do alumnado.

Estudio dos resultados da avaliación do primeiro trimestre e medidas a adoptar.

Estudio dos resultados da avaliación do segundo trimestre e toma de decisións.

Estudio dos resultados da avaliación do terceiro trimestre e toma de decisións.

Asesoramento na toma de decisións sobre a promoción do alumnado.

Proposta para Adaptacións Curriculares Individualizadas.

Asesoramento aos titores sobre temas de avaliación e recuperación do alumnado, adecuación dos obxectivos e contidos ó proceso madurativo de cada neno/a, elaboración e interpretación de datos, elaboración de material adecuado a cada caso, problemas de adaptación, estratexias a seguir co grupo...

Asesoramento na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en particular do que recibe atención específica.

Coordinación co orientador do I.E.S. "Lauro Olmo" para a transición dos nosos alumnos/as a Secundaria e outros temas de interese.

Asesoramento e coordinación co Equipo de Orientación Específica de Ourense.

Coordinación da intervención do Departamento de Orientación cos distintos profesionais que inciden na atención do noso alumnado.

Colaboración coa Asociación Vagalume nas actividades de apoio levadas a cabo por voluntariado.

Participación nas iniciativas de pais e nais nas que se solicitou presenza.

Asesoramento e apoio para o deseño de determinadas actividades.

Elaboración do Plano de acollida: ao novo profesorado, ao novo alumnado e tránsito do mesmo nas distintas etapas educativas ou proveniente da escola adscrita.

Elaboración do Plano de atención á diversidade.

Colaboración na elaboración do PCC.

Inicio do proceso de elaboración do Plan de Convivencia: recollida de propostas.

Actividades encamiñadas á integración e cohesión grupal, con atención prioritaria ao alumnado do novo ingreso.

Orientación aos pais/nais do alumnado de novo ingreso de Infantil. Prepara-la súa entrada ao centro.

Orientación aos pais /nais do alumnado de 6º de Infantil sobre Primaria. Prepara-la súa transición.

Orientación ao alumnado de 6º de Primaria sobre ESO. Prepara-la súa transición.

Orientación aos pais /nais do alumnado de 6º de Primaria sobre Secundaria. Prepara-la súa transición

Atención ás demandas persoais de orientación de determinados alumnos/as.

Colaboración coa mestra de Audición e Linguaxe para realizar material de avaliación e rexistro, así como no desenvolvemento dos planos de traballo anuais.

Colaboración coas mestras de Pedagogía Terapéutica no desenvolvemento dos planos de traballo anuais e na elaboración de material para alumnado de aula específica.

Organización de espazos e instalacións para a orientación.

Recollida e centralización de material bibliográfico para uso do profesorado.

Elaboración da Memoria de Orientación.

## **AVALIACIÓN. NIVEL DE CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS**

A valoración xeral da consecución dos obxectivos marcados no Plano de Orientación pódese considerar positiva. A grandes resgos cumpríronse a maior parte das accións prioritarias plantexadas a principio de curso.

Este feito débese en gran parte ao alto nivel de implicación de tódolos membros do claustro, en especial do profesorado de apoio, así como do equipo directivo.

Facer especial fincapé no mantemento dos recursos humanos cos que contamos en PT e AL e, inclusive, a necesidade de contar coa cuarta praza de PT a tempo completo.

En canto o Plano de Orientación considerámolo como unha guía que marca as metas que pretendemos alcanzar. Ademais decántase como unha ferramenta moi útil para o labor de avaliación dos obxectivos do Departamento e para marcar as liñas nas que deberemos

incidir máis cara o curso que ven.

Os obxectivos nos que atopamos maior dificultade en canto a súa consecución foron:

**Deseñar programas orientados a previr e detectar dificultades educativas así como plans de intervención tendentes a solucionar estes problemas.**

Sería moi recomendable implantar novos programas de prevención e desenvolvemento integral do alumnado: programas para mellorar as habilidades sociais, técnicas de estudo, atención... poderían ser algúns exemplos.

Este ano déuselle continuidade ao Programa de Estimulación da Linguaxe en Ensino a Infantil de 3 anos, levado cabo polas titoras deses cursos, mais non se puxo en marcha ningún novo.

**Deseño e elaboración do Plan de Convivencia.**

Aínda que xa iniciado, quedan por consensuar as actuacións en relación á promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos que se levarán a cabo no centro, así como na promoción de condutas tolerantes e mellora da convivencia no centro en canto a estratexias e instrumentos.

**Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientadora de cara a dar resposta ás neae do alumnado.**

Aínda que existe coordinación entre todo o profesorado que incide na educación dun alumno/a, sería desexable darlle certa sistematicidade as reunións de coordinación entre o profesorado titor e especialista. Durante este curso realizouse como se di popularmente "a salto de mata". Sería necesario fixar regularmente pequenos encontros nos que coordinar as accións levadas a cabo entre os distintos profesionais.

Dotar desta periodicidade, sobre todo ao inicio de curso, ás reunións entre a orientadora e profesorado titor que ten alumnado de apoio sería moi recomendable.

Tamén sería conveniente que o profesorado de apoio que traballa con alumnos/as de aula específica buscara momentos, a parte das reunións xerais semanais, para poñer en común o traballo desenvolvido con dito alumnado.

**Colaborar no seguimento da adaptación ao centro de secundaria.**

Aínda que este curso iniciouse unha interesante liña de traballo co IES "Lauro Olmo" neste aspecto, faise necesario seguir traballando na coordinación entre os profesionais destas dúas etapas de ensino obrigatorio co fin de que realmente a transición sexa tránsito e non ruptura.

## MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

### Alumnos con n.e.a.e.

Durante este curso atendéronse nas aulas de Pedagogía Terapéutica un total de 53 alumnos con n.e.e., dous teñen A.C.I. e 6 están pendentes da súa realización.

Dentro das aulas de P.T. traballáronse diversas problemáticas:

- Retraso madurativo global con déficit de atención e hiperactividade, rasgos autistas.
- Retrasos madurativos.
- Microcefalia con retraso psicomotor grave e diabete insulina dependente.
- Parálise cerebral espástica.
- Síndrome de Down.
- Inmadurez xeneralizada. Déficit cognitivo.
- Trastorno xeneralizado do desenvolvemento.
- Retraso madurativo. Déficit cognitivo.
- Trastornos de aprendizaxe.
- Déficit de atención.
- Alumnado estranxeiro.

### Organización do profesorado.

Neste ano académico contouse no centro con cinco mestras de P.T., catro a tempo completo e unha compartida co IES Martaguisela e con dúas mestras de Audición e Linguaxe (unha compartida co IES Lauro Olmo).

Houbo que utilizar as aulas de portugués, a biblioteca e o salón de actos para facer apoios, xa que non tiñamos aulas dispoñibles no centro.

A maioría dos alumnos están integrados nas súas aulas ordinarias, acudindo a aula de P.T. algunhas horas. Soamente tres dos alumnos permanecen na aula de P.T. todo o tempo, estando integrados na aula ordinaria nas áreas de Educación Física, Música e Plástica, ás cales acuden con apoios por parte do profesorado de P.T.

Os horarios sufriron moitas modificacións ao longo dos tres trimestres debido á necesidade de atender a tantos alumnos con n.e.e. e á adaptación do alumnado á aula específica. Así mesmo durante todo o curso revisáronse e estiveron abertos a posibles cambios para dar cabida aos seguintes casos:

Incorporación de alumnado con dificultades.

Incorporación de alumnado estranxeiro.

Aumento ou diminución de horas segundo a consecución de obxectivos.

### Modelo de intervención.

Elaborouse para cada alumno un Plan de traballo anual e mantivemos unha reunión semanal as mestras de P.T. xunto coa mestra de A.L. e a Orientadora co fin de organizar o traballo dos alumnos e revisar os avances e problemas dos mesmos. Tamén contamos coa colaboración das mestras titoras e das mestras de apoio para poder favorecer a integración dos alumnos e poder levar a cabo un traballo máis organizado.

As funcións das mestras de P.T. foron as seguintes:

- Elaboración de actividades de ampliación, reforzo, memorización, atención, ... para os alumnos con neae.
- Elaboración de material de apoio para a aula ordinaria.
- Coordinación coas mestras titoras e a orientadora.
- Apoio ás mestras titoras na aula ordinaria e nas saídas.

### Obxectivos.

Os obxectivos prioritarios con estes alumnos estiveron encamiñados a favorecer: a interacción social, a comunicación, a representación simbólica, o desenvolvemento motor, as habilidades de identidade e autonomía persoal, o coñecemento do entorno, a lectoescritura, o cálculo, a estimulación das capacidades que potencien o desenvolvemento do déficit de atención e retrasos madurativos e a adquisición de hábitos de autonomía e rutinas diarias adaptadas a cada deficiencia.

Aínda que determinar o grado de consecución dos obxectivos nestes alumnos é moi difícil, debido a que algúns conséguense parcialmente, outros están en proceso e outros tivéronse que reformular, podemos dicir que houbo unha evolución moi positiva nos alumnos.

### Metodoloxía.

Utilizamos unha metodoloxía activa e participativa implicando a todos os alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe. Partimos dos seguintes principios metodolóxicos que deben rexir toda intervención educativa: partir do nivel de desenvolvemento do alumno, aprender de forma significativa, ser elementos activos do propio proceso de aprendizaxe, contar coa mediación do profesor e “outros compañeiros” para aprender e partir do entorno dos nenos (modelo ecolóxico de aprendizaxe).

Foi necesario tamén, motivar axeitadamente aos alumnos cara a aprendizaxe:

- Partindo dos seus intereses e ampliándoos.
- Plantexando actividades que lles supoñan un reto.
- Reforzando “o proceso e o esforzo” e non os resultados.

Tendo en conta todo o anterior e as diversas necesidades coas que nos atopamos no centro levamos a cabo unha ensinanza individualizada cos alumnos aínda que procuramos facer moitas actividades en grupo.

Algunhas das actividades realizadas foron as seguintes:

- Ordenador: os programas utilizados co alumnado foron: Clic, Aprendilandia, Pipo, Cativadas, Adibú Trampolín, Comprensión Lectora (Aquari), Speech,...
- Celebracións e saídas: Magosto, Nadal, Paz, Entroido, Semana da Prensa, Día da Muller Traballadora, Día do libro e Día das Letras Galegas e Festival de fin de curso.
- Actividades realizadas no centro: títeres, obras de teatro, charlas (de Educación Vial), actuación do mago Cali.
- Caza do tesouro.
- Xogos populares.

#### Avaliación.

A avaliación proporciónanos información para axustar a intervención educativa. Por iso non podemos cinguirnos só aos alumnos, senón tamén á nosa práctica como docentes.

Respecto aos alumnos, levamos a cabo unha avaliación continua e formativa mediante:

- A observación directa do traballo diario dos alumnos, observando como traballan individualmente e en grupo, en diferentes tarefas e situacións, apreciando as súas actitudes, etc.
- Análise das producións dos alumnos.
- Observación sistemática.
- Rexistros de conducta, informes trimestrais aos pais e axendas.
- Entrevistas cos titores/as.

En canto ao noso traballo como mestres démoslle prioridade a:

- O nivel de interacción cos alumnos.
- A adecuación dos materiais empregados.
- A pertinencia das actividades propostas.
- O nivel de interacción e coordinación entre os profesores e apoios.

Debemos avaliar positivamente, así mesmo, o traballo feito pola orientadora, xa que nos serviu de punto de partida para desenvolver o noso labor como mestras, prestándonos a axuda pertinente en todo momento.

Cara ó curso que ven, consideramos conveniente, debido ó número de alumnos e as súas necesidades especiais, que a quinta praza de Pedagogía Terapéutica sexa cuberta a tempo completo, pensamos que iso redundaría na mellora da resposta que, desde o centro se pode dar as n.e.e. dos nosos alumnos/as. Tamen consideramos como algo primordial a dotación de mais aulas de PT para prestar unha adecuada atención a todos os alumnos que o requiran e da dotación de material axeitado.

## **MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE**

A mestra Eva Castiñeira Mourenza ocupou, de xeito definitivo, durante o curso 2007/2008 a praza de AL, agás por o período que abrangue dende o 10 de xaneiro do presente ano ata o 25 de febreiro do mesmo, tempo este no que tivo que ser substituída por mor dunha baixa laboral.

Neste curso incorporouse unha nova compañeira, Marta Barroso Álvarez, compartida có Lauro Olmo; traballando aquí luns e martes a tempo completo.

Durante o curso as funcións das especialistas centráronse na realización das seguintes actividades:

- Atención ao alumnado.
- Coordinación co profesorado e reunións con pais e nais.
- Melloras na aula de AL (ordenador novo, impresora).
- Acondicionamento dun novo espazo para traballar que se habilitou na clase de portugués.
- Adquisición de material.

A continuación farase un breve resumo das actividades enumeradas.

### **ATENCIÓN Ó ALUMNADO.**

### Alumnado con neae.

Nas aulas de AL atendéronse 29 alumnos/as dos cales presentaban:

- 2 dislalias,
- 9 rotacismos (un dos cales se deu de alta e outra alumna está tamén no grupo de lecto-escritura),
- 2 disfemias,
- 4 problemas de lecto-escritura,
- 6 retraso na área da linguaxe comprensiva e expresiva,
- 3 disfonías,
- 4 con neae derivadas de distintos trastornos.

De todos eles 12 asistían exclusivamente a esta aula, os 17 restantes tamén asistían á aula de PT. Todo o alumnado que necesitoa reeducación logopédica está a recibir atención, mais en certos casos non recibe todas as sesións que serían con vintes por falta de dispoñibilidade horaria.

Non se puido dar continuidade, por parte das mestras de AL, o programa de estimulación da linguaxe oral de carácter preventivo (na etapa de EI, no 1º nivel do 2º ciclo) por falta de dispoñibilidade no horario, dada a gran demanda de necesidades que apareceron este ano. Dada a importancia do programa, a principio de curso, falouse de que o levarían a cabo as mestras de Infantil que se ocuparon dos apoios nesta etapa. Finalmente este programa púxose en práctica polas titoras das aulas de tres anos.

### Obxectivos xerais.

Como marco de referencia para o traballo na aula marcáronse unha serie de obxectivos xerais que se adaptaron no traballo específico con cada alumno/a. Foron os seguintes: Facilitar ao alumnado a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe oral e escrita.

Favorecer as posibilidades expresivas da linguaxe mediante a participación activa do alumnado en xogos e conversacións.

Completar outros aspectos da aprendizaxe escolar para que sirvan de reforzo á hora de empregar a linguaxe, tanto oral como escrita.

Espertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos demais.

Potenciar a lectura como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.

Intentar que o alumnado asuma as súas dificultades na área de lingua sen traumas, como forma de motivación na realización de aquelas actividades que lles leven á recuperación.

Manter contactos periódicos con titores, outros especialistas e pais/nais para xera lizar logros ou constatar dificultades.

Insistir na actividade permanente do alumnado de forma que esta lles permita reflexionar en cada momento sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### Intervención logopédica.

As sesións tiveron unha duración de 27'5, 30, 45 e 60 minutos debido tanto ás características do traballo con cada neno/a como a motivos de horario. Para cada alumno/a estableceuse un plan de traballo a principios de curso que serviu tanto para dirixir o traballo das especialistas como para facilitar a coordinación entre PTs e PTs e AL. Os obxectivos xerais da aula xunto co plan de traballo para cada alumno/a guiaron tanto a planificación das sesións como a metodoloxía das mesmas, predominante mente lúdica e na que o uso de programas informáticos, material de audio e gráfico tiveron moita importancia.

En xeral pode dicirse que todo o alumnado que acudiu a aula de AL ou ben acadou os obxectivos previstos ou ben avanzou no seu nivel de consecución dos mesmos.

### **COORDINACIÓN CO PROFESORADO E REUNIÓNS CON PAIS E NAIS**

Durante o curso ademais das reunións do departamento de orientación obrigatorias houbo reunións informais e formais ca orientadora, co resto das PT, e as AL para facilitar a coordinación do traballo entre todas. O feito de ter todas as aulas de AL e PT na Casiña facilita a coordinación informal en cal quer momento.

Tamén se realizaron reunións cos titores do alumnado para favorecer a coordinación do traballo e ter diferentes visións dos progresos ou retrocesos dos mesmos. Nalgunha ocasión algún titor requiriu orientación para resolver algún problema e déronse as indicacións oportunas, ademais de proporcionarlle material.

Nos informes trimestrais facilitáronse orientacións ás familias para favorecer os progresos dos seus fillos/as. Ademais non houbo problema en manter contactos persoais cas mesmas para falar da evolución dos/as fillos/as.

### **MELLORAS NA AULA DE AL E ADQUISICIÓN DE MATERIAL**

Cambiouse tanto a CPU (porque facía moito ruído) como a pantalla do ordenador (trouxéronos unha pantalla plana para poder poñela a altura que máis conveña en función dos alumnos/as cos que se estea a traballar).

Instalouse unha impresora na clase de AL, para uso de todo o persoal docente da Casiña.

#### **MATERIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE:**

3 programas de ordenador:

- SEGMENTACIÓN SILÁBICA.
- CRUCIGRAMA DE SINFONES.
- LOTOFON.

1 cepillo eléctrico (había un pero non se atoparon repostos) con varios cabezais.

### **OBSERVACIÓNS FINAIS**

Non todos o/as alumno/as da aula empezaron na mesma a principio de curso, nin se puideron satisfacer tódalas necesidades que foron xurdindo o longo do curso por falta de dispoñibilidade no horario. Isto sumado coas ausencias prolongadas dun dos alumnos e o feito de que cal quer cambio no horario das PT ou no das titorías podía afectar ao horario de AL, fixo que os cambios no horario de AL foran bastantes.

De cara o próximo curso é preciso ter en conta:

- A hora de elaborar o horario do próximo curso é importante que as sesións de Constanza se leven a cabo antes do xantar de cara a traballar a inhibición dos reflexos incontrolados que alteran o control da función oral e deglutoria.
- Necesidade de que se manteña, aínda que sexa compartida, unha segunda especialista en AL para dar cabida a tódalas necesidades así como que as actuais se satisfagan satisfactoriamente.
- Fai se preciso a dotación de material tal como: obxectos para traballar o sopro, depresores, xogo para traballar as praxias, pandeireta, clave, xoguetes sonoros, para traballar as distintas alteracións da fala e da lingua.

## **MEMORIA DA ÁREA DE LINGUA INGLESA**

Durante o curso escolar 2007-2008 impartíronse clases de inglés desde educación infantil de 3 anos ata 6º curso do ensino primario. Houbo tres profesores/as dedicados á área de lingua inglesa:

Javier Pérez Gallego, que se encargou de educación infantil de 3 anos A e B; 4 anos A e B e 5 anos A e B; e 1º A e B de Educación Primaria. Ademais da Escola Unitaria de Éntoma e da Escola Unitaria de Larouco.

Mª Jose Pardo Suárez, que se fixo cargo de 2º A, 3ºA, 3ºB e 5ºA, así como da titoría de 5º A.

Manuel Francisco Gómez Vidal, que atendeu a 2ºB, 4ºA, 4ºB, 5ºB, 5ºC, 6ºA e 6ºB.

Os dous profesores de Educación Primaria estiveron de baixa durante parte do curso en distintos periodos, sendo substituídos pola mesma persoa. Esta casualidade repercutiu en beneficio do alumnado.

Na memoria desta área dedicarase un apartado específico para o proxecto de anticipación e outro para os cursos que pertencen ao tramo obrigatorio (1º a 6º de Primaria).

## PROXECTO DE ANTICIPACIÓN DE LINGUA INGLESA.

Durante o curso escolar 2007-2008 continuáronse impartindo clases de inglés en educación infantil. Desenvolveuse, polo tanto, o proxecto de anticipación de lingua inglesa en educación infantil de 3 , 4, e 5 anos.

Durante este curso optouse dentro do proxecto de anticipación por dúas sesións semanais de trinta minutos de duración.

O proxecto de anticipación de lingua inglesa atendeu un total de 247 alumnos/as distribuídos do seguinte modo:

ENSINO INFANTIL CEIP "CONDESA FENOSA"	
3 anos A	20 alumnos/as
3 anos B	21 alumnos/as
4 anos A	22 alumnos/as
4 anos B	23 alumnos/as
5 anos A	23 alumnos/as
5 anos B	25 alumnos/as
ESCOLA UNITARIA DE ÉNTOMA	
Educación Infantil	3 alumnos/as
ESCOLA UNITARIA DE LAROUCO	
Educación Infantil	4 alumnos/as

O mestre Javier Pérez Gallego , ademais de facerse cargo dos seis grupos de educación infantil do CEIP "Condesa de Fenosa", desprazouse as escolas unitarias de Éntoma e Larouco, sen que haxa que resaltar ningún aspecto relevante a ter en conta.

Os luns atendeu ao alumnado de Éntoma e os venres ao alumnado de Larouco. A este último centro ademais de impartir a lingua estranxeira, prestou apoio ao alumnado con maiores necesidades.

O feito de ter que compartir a docencia no Condesa de Fenosa coas escolas unitarias motivou que, cando se producía unha ausencia das profesoras, sempre por motivos xustificadas, ou unha demora na chegada ao centro, o alumnado de ensino infantil do centro recibira as clases de lingua estranxeira nun horario distinto ao programado no horario ou que, incluso, se viran privados da clase desta asignatura.

Nos cursos de tres anos a profesora traballou co libro *Cookie's Treehouse* de Oxford University Press. Libro con fichas moi axeitadas ós nenos/as desta idade.

Nos cursos de catro e cinco anos traballouse co libro "Three in a tree" A e B respectivamente, tendo en conta as necesidades e os intereses dos nenos/as desta idade. Tratáronse saúdos sinxelos, cancións, xogos, ordes sinxelas. Utilizáronse ademais vídeos e fichas adaptadas, contos, *Big books*, etc.

A profesora deste tramo educativo, quere deixar constancia de que o centro "Condesa de Fenosa" conta cos materiais adecuados para impartir lingua estranxeira a esta tempera idade, mais sería conveniente solicitar cara a cursos vindeiros algún xogo en inglés adaptado a Infantil, puzzles, un ordenador portátil para levar as aulas e ser manipulado polos nenos/as.

Para acadar os obxectivos previstos levouse a cabo unha metodoloxía motivadora e lúdica, partindo sempre dos intereses do alumnado.

A valoración é moi positiva xa que se acadaron todos os obxectivos mínimos na aprendizaxe da lingua estranxeira.

### TRAMO OBRIGATORIO (1º A 6º DE PRIMARIA):

Establecéronse as sesións semanais que indica a Lei: dúas sesións no 1º ciclo de Primaria e tres sesións nos outros dous ciclos.

Como libro de texto utilizáronse:

1º ciclo: *Galaxy 1 e 2 de Oxford University Press*

2º ciclo: *Galaxy 3 e 4 de Oxford University Press*

3º ciclo: *Galaxy 5 e 6 de Oxford University Press*

Realizáronse actividades do seguinte tipo: readings, listenings, speakings, *worksheets*, traballo escrito e dramatizacións nas que se representaban os papeis das personaxes das historietas do libro, visionado de DVDs, aprendizaxe de cancións...

En xeral aos nenos/as gustoulles o método de traballo seguido por este libro, así como as actividades, cancións e xogos que acompañan ás unidades didácticas. Sen embargo ao Equipo de area parécenos un pouco desfasado, polo que optamos por un cambio para o vindeiro curso. No novo método prestase maior atención ao uso das tecnoloxías de información e comunicación. Ademais as tarefas que presenta son máis axeitadas para conseguir que o alumnado acade unha boa competencia nesta area.

A metodoloxía utilizada é lúdica e parte dos intereses dos nenos/as. O proxecto no seu conxunto pon a énfase nas **situacións comunicativas** nas que se debe dar respostas verbais breves ou completas de forma controlada. Os **aspectos lúdicos, humorísticos e divertidos** (ex. o uso dos cómics, e dos xogos) que contribúen a que os nenos/as aprendan en situacións próximas ao seu mundo real tivéronse en conta e incluíronse co fin de conseguir que aprender inglés sexa unha experiencia interesante e constructiva.

**Os contidos** presentáronse de forma contextualizada co fin de propiciar situacións de aprendizaxe significativa. **Traballouse a partir de contextos** (historietas, cancións, textos con grande apoio visual etc.) cos que os alumnos/as xa estaban familiarizados. A creación de **situacións de aprendizaxe significativa** tamén se viu reforzada polo uso de ilustracións que axudan a entender os significados novos.

Pretendeuse desenvolver a **competencia comunicativa** nos alumnos/as a través de actividades nas que a linguaxe se utiliza con propósitos ou finalidades concretas: intercambio de información persoal, resolver problemas, cantar, etc.

As **destrezas de comprensión e expresión**, tanto orais coma escritas, desenvolvéronse de forma integrada favorecendo deste modo a adquisición/aprendizaxe de habilidades esenciais para comunicar en lingua estranxeira e contribuindo ao desenvolvemento de capacidades que se especifican nos obxectivos xerais da área para esta Etapa.

En xeral O Equipo de Area de Primaria realiza unha valoración positiva en canto á consecución dos obxectivos e contidos por parte do alumnado. Na meirande parte dos casos acadáronse os obxectivos referentes ao coñecemento da lingua estranxeira contemplados na programación.

Hai que resaltar que nos distintos ciclos houbo casos de nenos/as que debido as súas características necesitaron dunha atención individualizada e materiais específicos. Nestes casos non se acadaron os obxectivos mínimos programados para o curso, pero si houbo unha evolución positiva dentro das súas posibilidades.

Reseñar que foi positivo o feito de que no primeiro ciclo de primaria se establecese como obrigatoria a lingua inglesa, así como dispor de máis horas semanais. Esta era unha reivindicación que se viña facendo no centro desde hai varios cursos.

Como aspecto negativo, resaltar que, durante este curso, non houbo Aula de Lingua Inglesa. Este feito foi en parte debido a que unha das aulas do colexio reformouse para ser utilizada como Comedor Escolar. Aínda que entendemos que esta decisión foi tomada en beneficio do alumnado do colexio, queremos facer constar a necesidade de poder gozar dunha aula propia para inglés.

Durante este verán vanse acometer unha serie de obras de ampliación no colexio. Sería conveniente ter en conta esta petición. Así como dotar a futura aula de inglés da sonorización adecuada, evitando que se produzan reverberacións que impiden que o alumnado escoite en condicións os *listenings*. Isto podería subsanarse recubriendo as paredes da aula con cortizo.

En canto á dotación da aula sería moi conveniente que dispuxera dos medios tecnolóxicos adecuados para levar a cabo a ensinanza da lingua estranxeira (pizarra interactiva, ordenadores, vídeo, televisor, radiocasete, lector de DVD,...). Entendemos que a dotación de ordenadores para a totalidade do alumnado pode ser difícil polo seu custo económico. Neste caso habería que ter en conta na confección dos horarios da aula de informática, tempos para poder ser utilizada nas horas de lingua inglesa.

## MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A Educación Física no noso centro estivo impartida durante este curso pol@s mestras/-es: Irene Pérez (no 1º Ciclo de Primaria) e Modesto Rodríguez (no 2º e 3º Ciclo de Primaria).

### CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS.

En canto aos obxectivos da área, destacamos como aspectos importantes, a consolidación de certos hábitos e actitudes:

1. Hixiene corporal. Todos os nen@s do 1º Ciclo aséanse ao remate da actividade física e os do 2º e 3º Ciclo dúchanse e mudan de roupa.
2. O xogo e o deporte como elemento lúdico. Educar a competitividade.
3. A aprendizaxe de novos xogos como alternativas para o tempo de lecer e como axuda no seu desenvolvemento motriz. Tanto este obxectivo como o anterior estamos a traballalo, ademais de nas clases de Educación Física, a través de xogos alternativos no pavillón á hora do recreo. O mellor lugar para formar a deportistas habituais é a escola, baixo a tutela do profesorado que eduque e faga ao nen@ racionalizar o xogo e situar nun segundo plano o resultado; para potenciar aspectos como a diversión, o esforzo, o xogo en equipo, o xogo limpo, ...
4. A importancia da preparación do corpo para o exercicio físico (quentamento) de cara a evitar posibles lesións.

### EDUCACIÓN FÍSICA E SAÚDE

Continuamos neste curso, en Primaria, levando un control do peso d@s nos@s alumn@s para apreciar a súa progresión e detectar os casos de sobrepeso e obesidade. Así como tamén os de Baixo Peso. Como en anos anteriores pesámol@s e medímol@s ao inicio e final de curso e calculamos o **IMC** (Índice de Masa Corporal) que nos proporciona un maior coñecemento do estado d@s nos@s alumn@s.

Os datos obtidos por niveis educativos son os seguintes (con carácter orientativo):

Nivel	Xuño 2007			Xuño 2008		
	Baixo Peso	Sobrepeso	Obes.	Baixo Peso	Sobrepeso	Obes.
1º Primaria		9.75	2.43	24	11	7
2º Primaria		12.5	10.41	35	17	4
3º Primaria		21.62	2.7	35	11	6
4º Primaria		23.21	5.35	34	27	5
5º Primaria		27.9	2.32	25	15	6
6º Primaria		22.5	0	43	22	0
Total Prim.				33	17	5

\*Os datos aparecen en forma de porcentaxe

Por outro lado, seguimos apreciando unha maior aparición de problemas de desviación de columna n@s nos@s rapaces/zas que tamén podemos previr se lle damos máis importancia á hixiene postural nos múltiples actos diarios en que fan uso das súas costas (ao coller pesos, ao sentarse, ao durmir ...) así como ser máis estrict@s no control do peso das mochilas (diversas organizacións recomentan non superar un 10% do peso d@ portador/a). Están hipotecando o corpo para o futuro e tanto @s pais/nais coma @s mestras/es podemos axudarlles a sensibilizarse e responsabilizarse en maior medida do seu corpo en período de crecemento.

### MELLORAS E NECESIDADES DA ÁREA DE E.F.

As necesidades materiais máis importantes refírense principalmente á reposición do máis vello así como á súa ampliación debido á gran cantidade de alumn@s que temos por aula.

Ademais, solicitamos un ano máis do Concello do Barco a posibilidade de instalar un par de mesas de tenis de mesa antivandálicas para uso tanto escolar coma extraescolar. En canto ao pavillón, ao ter unha coincidencia horaria entre dous mestres, sería interesante que se producira esta na última hora da tarde; xa que no inverno no patio hai moitos días nos que o frío non facilita a preparación e a motivación do corpo para a actividade física.

Tamén consideramos interesante que se puidera establecer alomenos unha reunión co profesor de E.F. do IES. Lauro Olmo que vaia impartir clase aos nos@s alumn@s de 6º o vindeiro ano para intercambiar información.

## INCIDENCIAS E ASPECTOS A MELLORAR

Antes de comezar o curso, a principios de setembro solicitamos ao Concello o arranxo da ducha de minusválidos pois este ano ía usala un alumno. Tivemos que esperar ata o 10 de outubro para vela reparada, co correspondente perxuízo para o neno afectado. Solicitamos do noso concello unha maior celeridade no arranxo de desperfectos así como unha maior sensibilidade cos nosos problemas. Que non esquezan que os maiores prexudicados sempre son @s nen@s.

O día 1 de outubro comezou a Escola Municipal de Ximnasia Rítmica sen que chegara a solicitude por parte do Concello de uso da nosa instalación, que como tod@s sabemos tiña que pasar pola aprobación do Consello Escolar. Solicitamos do concello un maior respecto polos órganos de goberno deste centro educativo.

O día 3 de outubro acudimos ás pistas de Atletismo de Calabagueiros co alumnado de 5ºB e durante a clase de E.F. chóvennos xices desde unha aula do IES. Lauro Olmo. A escea foi vergonzosa e ao remate da clase fixémosllo saber á directora do devandito centro educativo para que non se volva a repetir.

O luns 5 de novembro atopamos cabichas nos vestiarios do pavillón. Proceden da actividade de fútbol sala da Escola Municipal que adestran aos sábados.

Entre novembro e decembro houbo moitos días que a substituta dunha das limpadoras non limpou os vestiarios.

Un sábado do mes de decembro apareceron todos os colchóns espallados polo chan e a porta do Cuarto de Material rebentada. Ningún responsable das Escolas Municipais se dignou a aparecer polo centro para ver os desperfectos e tomar as medidas oportunas.

Resumindo, detectamos que o Concello non ten moita predisposición a falar dos distintos problemas que xera o pavillón aínda que se benefician do seu uso. Ademais, o responsable das Escolas Municipais non exerce como tal.

Para mostra da lentitude nas actuacións por parte do concello podemos poñer algún exemplo: o día 11 de xaneiro, o concelleiro de obras do Barco asumiu, por fin, o compromiso de poñer unhas portas de seguridade no exterior do pavillón (que nestes intreos estamos pechando con cadeas os fins de semana para evitar actos vandálicos) e outra para o cuarto de material que foi desencaixada durante a actividade extraescolar de Fútbol Sala das Escolas Municipais. As portas puxéronse a primeiros de xuño.

Non entendemos que o servizo de limpeza discrimine a aula de E.F. (o pavillón) e non dispoña da mesma limpeza profesional que ten o resto do colexio, cando é a instalación que máis se usa, a que máis se ensucia e na que máis andan @s nen@s polo chan. Non se limpan nunca os seus cristais e só desaparecen as arañeiras máis gordas para a 'Festa do Botelo', esquecendo @s nos@s representantes municipais que o resto do ano a instalación tamén está en uso.

E, a pesar de todo isto, seguimos querendo que o pavillón non estea infrautilizado fóra do horario lectivo (porque sabemos que os grandes beneficiados son @s nen@s da nosa vila) e estamos dispostos a cedelo para calquera actividade *deportiva* organizada por entidades públicas ou asociacións sen ánimo de lucro. Sen embargo, esta cesión implica unhas obrigas e un respecto ao mobiliario e ao propio edificio, polo que continuaremos a denunciar aqueles actos impropios de persoas civilizadas e responsables que non son capaces de coidar o público tanto coma os seus propios bens.

Non podemos estar contentos co trato dado á instalación, en momentos puntuais por parte da Escola Municipal de Fútbol Sala, por causas xa relatadas máis arriba e pola ausencia de persoas adultas e responsables que deran a cara cando houbo algún dano de consideración (nin o monitor correspondente, nin o responsable das Escolas Municipais

se achegou ao centro a dar explicacións).

Por outro lado, pedimos dende esta Área un pouco máis de vixilancia por parte das coidadoras de comedor cando entran no pavillón cos rapaces/zas os días de choiva. Habitualmente quedan os baños excesivamente sucios e o pavillón estragado de papeis e chaquetas que ninguén recolle.

## MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL

A aula de Educación Musical como en cursos anteriores encóntrase situada na planta baixa do colexio, xunto á biblioteca do centro, e está dotada con instrumentación Orff, chan illante e aparatos reprodutores de música.

A aula estivo compartida por dous profesores, Laura Barredo que deu clases aos niveis de infantil e primeiro curso de primaria, e Xoaquín Freixeiro que deu ás clases ao resto dos niveis de primaria.

Unha das eivas que tiña a clase era a de falla de espazo para a realización de bailes e xogos musicais, xa que o equipamento de cadeiras e mesas restaban espazo para estas actividades.

Neste curso conseguimos trocar este equipamento por cadeiras de pá que agrandaron o espazo dispoñible para a realización das actividades devanditas.

De cara ao curso que ven realizouse un pedido de equipamento musical, de instrumentos de percusión tanto novos, como outros para reposición de material vello ou estropeado. Sería positivo dispor dun aparato musical con micrófono para realizar gravacións das realizacións orquestrais e corais do alumnado, para que servise de feed-back dos progresos realizados.

Probablemente o vindeiro curso, se os planos de reforma do colexio se levan adiante acordos cos prazos previstos, teremos que trasladar a aula de música para unha aula no 1º andar do colexio, xa que o seu espazo pasará a ser parte da ampliación prevista da biblioteca escolar.

Daquela teremos que realizar unha serie de reformas na nova aula para volver ter unhas condicións adecuadas para o desenvolvemento da nosa área, como son o de colocar un chan illante e, sobre todo, a insonorización da mesma, xa que teremos que traballar xunto á clase de inglés e non sería xusto para as clases de lingua estranxeira ter un compañeiro de espazo que lles impida traballar a xeito debido ao seu alto nivel de sonido e ruído propio da actividade musical.

Queremos sinalar que a clase de música é un dos espazos de integración do alumnado do centro con discapacidades, e nela téñense integrado todos os alumnos e alumnas de aula específica que temos no colexio, cun grao de aceptación por parte dos seus compañeir@s excelente, e cunha moi boa repercusión para a integración social e afectiva deste alumnado.

## MEMORIA DE RELIXIÓN

### INTRODUCCIÓN:

El mensaje cristiano implica unas exigencias que permiten la liberación y el desarrollo integral de la persona.

La enseñanza religiosa fundamenta la maduración y la responsabilidad del alumno, el ejercicio de la solidaridad y el amor hacia las personas.

Nos planteamos las preguntas por el sentido de la vida.

## OBJETIVOS GENERALES:

- D) Reconocer y valorar la dignidad de la persona humana.
- E) Descubrir e identificar los valores fundamentales que rigen la convivencia humana: tolerancia, respeto, libertad, perdón, justicia, amor etc..
- F) Identificar personajes fundamentales de la historia de la salvación: Abrahám - Moisés- David - Profetas etc..
- G) Aprender a utilizar los EVANGELIOS.

## CONTENIDOS:

Saber cual es la promesa de Salvación hecha por Dios al hombre que se cumple en la persona de JESÚS.

Principales hechos de la vida de Jesús : Parábolas - Bienaventuranzas.

Dios quiere la felicidad de las personas.

El ser humano es responsable de sus actos: conciencia, libertad, la verdad y estilo de vida a corde a tus creencias.

## MEMORIA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Durante o ano 2.008 o Equipo de Normalización Lingüística, en colaboración co profesorado do CEIP "Condessa de Fenosa", levou adiante as seguintes actividades para o fomento do uso do galego no noso centro e na nosa comunidade educativa, actividades que de seguido se detallan.

1. Adquiriuse material bibliográfico para a biblioteca e para o asesoramento lingüístico do profesorado.
2. Adquiríronse películas en formato DVD para a videoteca do centro e paquetes infórmaticos en galego para a nosa aula de informática e para traballar a atención á diversidade.
3. Elaboráronse varios números de "O Barquiño de Papel", boletín da biblioteca que se lle entrega a cada neno/a do colexio.
4. Elaboráronse todos os meses os "Cadernos de Pais e Nais", boletíns do Comedor nos que se envía o menú de todo o mes e información fundamental sobre nutrición e saúde.
5. Editouse un novo número da revista "Trágame Terra"co gallo das Letras Galegas e distribuíuse un exemplar por cada neno/a en edición papel. Este ano contamos tamén coa edición dixital da revista, atópase na páxina web do colexio, no apartado do Equipo de Normalización.
6. Realizouse unha semana cultural co gallo das Letras Galegas con actuacións teatrais, musicais e exposicións (unha delas adicada a Xosé María Álvarez Blázquez).
7. Realización da actividade denominada "Olimpíada do Saber".
8. Realización da actividade de dinamización da biblioteca, de fomento da lectura e da expresión oral e escrita do alumnado "Vaille co conto ó/á profe". Nesta actividade, que se fai nos recreos da mañá, sempre hai un profesor ou profesora voluntario/a para escoitar os contos que lle queiran contar ou ler os nenos/as. No currunchio da biblioteca habilitado para tal fin.
9. Levouse a cabo a actividade de dinamización da biblioteca e de fomento da lectura entre os nenos e nenas de Educación Infantil "Os martes un conto". Todos os martes, á saída do colexio, os nenos/as de Educación Infantil que o desexen, acompañados dos pais, visitan a Biblioteca do Centro co fin de que unha persoa adulta lles narre un conto. Con posterioridade, todos os nenos/as que queiran realizan un préstamo de libros da Biblioteca.

10. Realización dunha actividade de elaboración dun marca páxinas co gallo do día do libro.
11. Organización da actividade denominada “En Busca do Tesouro”, este ano representouse, no salón de actos, unha adaptación (con persoeiros do contorno da vida cotiá do Barco, como o pediatra, o cura, ...) do conto “o Rei espido”.
12. Recorrido de xogos populares (programáronse para a tarde do venres 23 de maio, aplazándose ese mesmo día para o seguinte venres, pero non se puideron facer por mor do mal tempo).
13. Contacontos.
14. Teatro.
15. Sesión de cine en galego.
16. Exposición dos carteis que manda a Consellería.
17. Na páxina web do colexio, no apartado de recursos, hai un LIM ( Libro interactivo multimedia) sobre a figura do autor homenaxeado este ano para que os/as alumnos/as poidan facer.

## **MEMORIA DE INFORMÁTICA**

Neste ano, e grazas a 8 novos ordeadores achegados pola Consellería de Educación, aumentouse considerablemente a capacidade da sala de informática, que arestora funciona a pleno rendemento.

O número de aulas que reciben clases de informática reduciuse aos cursos de 5º e 6º, que traballaron paquetes ofimáticos libres (Openoffice.org), programas de mecanografía, debuxo etc...

Tamén se fixo un uso didáctico dende a aula dos recursos informáticos ofrecidos na páxina web do colexio, e accedeuse ao blog da biblioteca para facer comentarios e postear novas noticias.

As clases de infantil e 1º ciclo tiveron horas semanais de informática na sala. O resto dos cursos tamén acudiron á sala, pero dun xeito menos periódico.

En canto ao resto do colexio, cos ordeadores substituídos da aula de informática, e que aínda tiñan un nivel de uso aceptable, dotáronse ás distintas aulas que o solicitaron. Con esta iniciativa estamos tentando fomentar o emprego das TICs dentro das aulas.

Así mesmo para o profesorado, a máis dos dous ordeadores de sobremesa que estaban dispoñibles no curso pasado, engadíronse dous portátiles na sala de mestres, á que se dotou dunha rede wifi.

Tamén se puxeron a disposición do alumnado 2 ordeadores na biblioteca escolar para o fomento das procuras documentais autónomas do alumnado.

Seguimos tendo problemas de infeccións por virus ao usar memorias USB entre distintos ordeadores sen as escanear con algún programa apropiado. Deberemos seguir insistindo ao profesorado na necesidade de prestar atención a estas prácticas.

Por último sinalar que se cederon as instalacións da sala de informática para a realización dun curso sobre a pizarra dixital organizado polo CEFOR do Barco. Como nota negativa está que os ordeadores nos que se fixo a práctica quedaron cargados co programa SMART BOARD, reclamando actualizacións cada vez que se encendía o equipo. Pensamos que cando se empresta unha instalación para a realización dunha actividade de formación, debería haber un compromiso por parte dos organizadores de deixar os equipamentos nas mesmas condicións en que foron atopados.

## **MEMORIA DA BIBLIOTECA**

Este ano a biblioteca do colexio propúxose achegarse a tódolos nenos e nenas do centro para facer deste lugar un espazo de encontro coas aventuras, fantasía e temén con novas

informacións e novos coñecementos.

Para elo a máis de incorporar os últimos títulos ao noso catálogo, contamos na actualidade con máis de 10.000 volumes. Tamén tentamos ampliar o horario de apertura e que dende que os nenos/as chegan ao cole ata que se marchan poidan ter acceso ás instalacións en calquer momento. Así, durante todo o curso fixéronse un total de 6.065 empréstitos.

Convencidos de que si os nenos/as se achegan a un libro de xeito voluntario e incorporan esta actividade ao seu tempo de lecer estamos a lle dar ferramentas para ampliar os séus coñecementos e a súa cultura, ao tempo que estamos formando personalidades fortes, críticas e ilusionadas polo saber.

Para acadar este obxectivo propuxemos unha serie de actividades durante o curso que nos mantuveran preto dos libros.

1. Clubs de Lectura.
2. Axudantes da biblioteca.
3. Introducción da informática na biblioteca.
4. A olimpiada do saber.
5. O barquiño de papel
6. Vaille co conto ao “mestre”
7. “Os martes ... conto”
8. Concurso de marcapáxinas
9. A pegada do título do libro que máis nos gustou
10. Lectura no comedor

Dado que anexa a esta memoria inclúese unha memoria do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, remitimos á súa lectura para unha mellor explicación do contido das actividades.

## MEMORIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias e extraescolares que se realizan ao longo do curso, móstrannos a aposta do claustro de profesores a prol destas actividades e á formación dos nosos alumn@s.

No apartado de **concursos** destacar a participación no “Concurso de Nenos e Mozos de Vilagarcía de Arousa”, cun debuxo de tema e técnicas libres, “Concurso de Fertiberia”, cun debuxo relacionado co medio agrícola, e no “Concurso de Debuxo Semana da Natureza”, neste co tema a auga. Tamén se participou no “18º Aniversario da Convención dos Dereitos da Infancia, concurso de “Educación Viaria” e concurso de “Postais de Nadal”; polo segundo trimestre como unha actividade de animación á lectura o equipo da Biblioteca organizou “A Olimpiada do Saber”, na que os nen@s procuraron responder aos enigmas que se daban seguindo pistas que esixían a procura de información sobre temas diversos. E polo día do libro houbo un concurso de “Marcadores de Libros”, nas que participou todo colexio.

Como punto final deste curso, no terceiro trimestre está previsto realizar “A Caza do Tesouro”, onde os nen@s demostrarán a súa atención e tamén a súa perspicacia.

Tamén tivemos **charlas e actuacións** como a do 23 de abril, houbo un miniconcerto de saxofonistas e unha charla sobre a banda de música, para que os nen@s se animen a formar parte dela.

Os de 4º e mailos de 6º, asistiron a unha charla de Educación Viaria, co obxectivo de crear bos hábitos nos nen@s, como peóns e ciclistas, e logo o 28 de abril estiveron no “Julio Gurriarán” na Xornada de karts, facendo prácticas de educación Viaria

En abril coincidindo coa Semana da Natureza, 5º acudiu á charla “A Viaxe dunha Pinga”, e á actuación do grupo “ Ris, Ras, Plas”

Cabe destacar a participación de todo o colexio na campaña “O Doce Mundo do Mel de Galicia”, e no programa de *Voz Natura*.

Tivemos varias obras de teatro e conta contos, traídos por editoriais ou tamén no

Programa de Nutrición.

O 7 de xuño e xa a piques de rematar o curso os de 5º, deleitaránnos cunha actuación no Lauro Olmo da obra de teatro “A VERDADEIRA HISTORIA DE CARRAPUCHIÑA VERMELLA”. Este curso continuamos co programa medio-ambiental da **Axenda 21**. Volvemos facer fincapé, no aforro de papel; tentamos reciclar dentro da aula, e tamén no comedor, e comezamos a concienciarnos da necesidade do **AFORRO ENERXÉTICO**.



Seguen funcionando as patrullas verdes, incidindo na importancia de manter limpo o noso entorno. Traballamos na concienciación dos alumn@s para que se decaten da importancia de eliminar no posible as lambetadas.

O 21 de abril, durante a xornada de mañá, os 20 nen@s seleccionados de Axenda 21, realizaron actividades enfocadas á natureza, no pavillón de Calabagueiros.

Seguimos coidando o xardín, regando, podando e plantando novas plantas. Tamén seguimos coa compostaxe.

Outro apartado importante forn as **celebracións e saídas**. Así destacamos o **MAGOSTO** que fixemos no patio do colexio, con fogueiras, castañas e caras pintadas.

Distintos cursos visitaron “CASTAÑAS BARREDO”, a panadería Gabela, onde elaboraron doces, visitaron a cooperativa “Jesús Nazareno” e as “Bodegas Godeval” para coñecer o proceso de elaboración do viño, ou acudiron ao Centro Comarcal onde viron a exposición “Vivindo cos Volcáns”.

Polo mes de decembro, celebramos o “Festival de Nadal”, representando diferentes creacións artísticas diante dun bo número de pais e nais. O 30 de Xaneiro pola tarde “O DÍA DA PAZ”, con follas convertimos en árbores uns fusiles. Algúns nen@s de cada curso leron manifestos sobre a Paz, e para rematar cantamos o Ska da Terra. Os nenos de 5 anos foron a radio, tanto nas datas do día da Paz como no Antroido, que este ano foi moi cedo, así que xa a finais de xaneiro tivemos unha semana na que O MECO, nos deu unhas ordes as que fixemos caso con moito agrado; e despois dun xoves de comadres e de compadres moi festivos, rematamos o venres 1 de febreiro cun desfile de disfraces, o que amenizou a charanga do colexio.

Os de 5º visitaron o Mosteiro de Xagoaza e os de 6º foron a CEDIE.

Polo 17 de abril, os infantiles de 4 anos, visitaron o parque de bombeiros da Rúa, onde disfrutaron subindo nos seus camións. 5º de primaria, foi ao teatro a Ponferrada, e o 1º ciclo tamén tivo unha cita nese mesmo teatro, para ver a representación da obra “La cigarra y la hormiga”.



Os de 3º acudiron a coñecer o Centro Comarcal do Barco, onde viron a “Exposición da auga”, e xa de volta pasaron pola oficina de correos. Aproveitamos o día do libro para que os de 1º foran á Biblioteca Municipal, e se fixesen socios; en maio foron ao Punto Limpo e viron as súas instalacións e as boas maneiras de reciclar.

Os nen@s de infantil esperaron entusiasmados ao día da convivencia, que

este ano celebrouse en Rubiá o 15 de maio. Por suposto celebramos o noso Mes das Letras con teatro, deporte, poesías e xogos.

Polo 4 de xuño o 2º ciclo irá a coñecer o parque de Marcelle en Outeiro de Rei (Lugo), no que poden ver un bo número de animais amais de realizar diferentes actividades, nas que contarán coa axuda de monitores, mentras os máis grandiños do colexio marcharán a Gandarío, e botarán 3 días. Como punto final e xa nos últimos días de xuño, esperamos disfrutar dunha festa organizada pola ANPA encargada a unha empresa de animación, con inchables, globos, etc...

## MEMORIA DE COMEDOR

O persoal encargado do Comedor do C.E.I.,P. "Condessa de Fenosa" estivo integrado por:

Francisco Pérez Lemos	Director
Natalia Longo González	Encargada de Comedor
Persoal colaborador (dez coidadoras)	Labores de atención educativa, coidado e vixilancia dos usuarios de comedor
Alumnos/as de 5º e 6º curso	Usuarios de comedor e axudantes
Persoal laboral (Unha cociñeira e tres auxiliares de cociña)	Elaboración das comidas
Monitores especializados para levar a cabo as actividades ofertadas pola ANPA	Realización da súa actividade

Unha das novidades do curso foi que o Comedor Escolar comezou funcionar segundo a Orde do 21 de febreiro de 2007 que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo escolar nos centros públicos, coas conseguíntes innovacións aportadas pola mesma.

Unha das principais consecuencias foi que houbo servizo de comedor desde o primeiro día de colexio. En cursos anteriores este servizo non se ofertaba en xuño e setembro. Resaltar a necesidade de que as normas cheguen ao centro coa suficiente antelación como para deixar todo debidamente organizado, pois ao comezo de curso cóntase con poucos días e o canle habitualmente utilizado para comunicarse coas familias: os nenos/as todavía non están na escola.

Este curso no Comedor Escolar comeron un total de trescentos cincuenta alumnos/as, dos cales cento cincuenta e catro son transportados e os demais do Barco.

Como poñen de relevo os datos anteriores, o número de usuarios alcanzou o máximo nivel de ocupación.

Como causas principais deste feito se atopan: A incorporación do alumnado de tres anos como comensal de Comedor e, principalmente, a nova lei de Comedores Escolares que permitiu que a meirande parte do alumnado usuario de comedor faga uso do mesmo de xeito gratuito.

Os labores de atención educativa, coidado e vixilancia dos nenos/as de Comedor pasaron a realizarse por dez coidadores.

Ademais, durante o tempo da comida, as dúas auxiliares técnicas educativas axudaron na atención dos nenos/as do Comedor de Infantil.

Resaltar que si se puido dar cabida a todos os alumnos/as que así o solicitaron foi porque se habilitou a tal efecto unha aula da planta baixa. Nela instalouse o comedor do alumnado de infantil, así como o de aqueles alumnos/as con alerxias alimentarias.

Todo o alumnado comeu nunha única quenda en torno ás 13:30 h, despois de deixarlle uns minutos para lava-las mans e utiliza-lo servizo. Unicamente os alumnos/as de 5º e 6º, que axudan a servir as mesas, comían posteriormente ao mesmo tempo que o profesorado.

Despois da comida os nenos/as contaban con tempo libre que ben podían dedicar a xogo

libre ou ben a actividades que se lles ofertan como biblioteca, video e outras actividades extraescolares xestionadas pola A.N.P.A.

Naqueles días que o tempo non o permitiu os nenos/as fixeron o recreo de comedor dentro do pavillón cuberto.

Outra novidade é a elaboración do APPCC do Comedor Escolar do Centro. O sistema APPCC é un método científico para abordar o control e diminuír os riscos nos produtos alimenticios, que se basea nuns principios ben definidos a nivel internacional e que permite ás empresas ter un control detallado e sistemático das súas diferentes etapas e procesos de produción, logrando un mellor aproveitamento dos seus recursos, e dando unha resposta máis rápida e eficaz ante posibles eventualidades.

A aplicación do sistema APPCC ofrece beneficios considerables relacionados coa inocuidade dos alimentos, coa óptima utilización dos recursos e supón unha maior garantía de seguridade dos alimentos.

Como xa dixemos elaborouse este ano e implantarase a partir do vindeiro curso.

#### BALANCE DOS OBXECTIVOS

O Comedor Escolar preséntase como un espazo educativo onde tentamos que os nenos/as aprendan hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Hai que salientar que cada vez aceptan de mellor grao os novos alimentos, así como peixes e hortalizas. Seguimos a traballar na procura de potenciar unha oferta apetitosa e variada, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade (orellas, ovos de Pascua, Aguinaldo) así como os requisitos para unha alimentación san e equilibrada. Este obxectivo cúmprese con creces tendo en conta a infraestrutura do cociña e o persoal co que se conta.

Ao longo do curso potenciáronse durante os tres trimestres o traballo de determinadas normas. Fundamentalmente: deixa-la mesa ben recollida, utilizar ben os cubertos, lavalas mans previamente á comida e falar en voz baixa. Neste aspecto hai que seguir incidindo e non relaxarse, posto que é o punto onde se seguen a obter peores resultados. Debemos ter en conta que é un comedor moi numeroso o que dificulta a completa consecución deste obxectivo.

A colocación dos nenos/as e das mesas permite un maior aproveitamento da sala e maior comodidade para que o alumnado que serve chegue con máis facilidade a todos os puntos.

Os alumnos/as de ensino Infantil agrupáronse no “comedor pequeno”. O alumnado de primaria sentouse nas distintas mesas, atendendo ao criterio pertenza a unha clase determinada. Os nenos/as con alerxias a certos alimentos ocuparon a mesma mesa do comedor pequeno, para evitar “despistes” á hora de comer os alimentos aos que lle teñen alerxia. Gustaríanos que estiveran integrados dentro do comedor grande, mais resulta moi difícil debido ao gran número de comensais do comedor.

En canto ao persoal colaborador, repartíronse as mesas ao seu coidado por sectores, de xeito que cada persoa se fixo cargo dun número determinado de mesas asignado previamente. Esta organización segue a resultar máis eficaz.

Durante o curso realizáronse numerosas reunións co fin de lembrar as normas de comedor e atallar aqueles aspectos nos que era conveniente incidir. A estas reunións asistía o director do centro, a encargada de comedor e as nais colaboradoras.

Hai que salientar as melloras acadadas no traballo dos obxectivos de promocionar entre os nenos/as hábitos adecuados en torno ao servizo e manipulación hixiénica dos alimentos; promocionar hábitos de saúde bucodental, como é non inxerir lambetadas ao remate da comida; fomentar o coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias máis saudables en canto a súa combinación e métodos de cociñado.

Durante este curso o centro seguiu participando no Programa Educativo 5 ao día pertencente á Campaña de Promoción do Consumo de Froitas e Hortalizas Frescas no Mercado Interior. A valoración da participación na mesma é positiva, sobre todo no aspecto de concienciar ós nenos/as da importancia de consumir froitas e verduras. Este ano non se recibiu a revista do programa todos os meses, polo que non se puido repartir todos os días cinco de cada mes. A revista segue a ser moi ben acollida polos nenos/as. De todos os xeitos, aínda queda moito labor por facer para converter nunha realidade o cambio de hábitos que permita aumentar o consumo diario de ó menos 5 racións de froitas e hortalizas frescas, tanto entre os usuarios do comedor como nas súas familias.

Resaltar a colaboración dun pediatra da zona na realización das minutas de comedor e dos cadernos informativos para pais e nais. Consideramos esta iniciativa moi positiva e beneficiosa para os usuarios do noso comedor escolar.

Así mesmo valorar positivamente os caderniños de pais e nais, que seguen a ser a nosa mellor ferramenta para divulgar hábitos alimenticios entre as familias e para comunicarlle as normas, información sobre minutas e novidades producidas no comedor.

Este ano o menú exposto nas portas de Comedor e de Infantil realizouse combinando imaxe e grafía, obtendo moi boa acollida por parte do alumnado. Ademais colgouse na páxina web do colexio o que permite unha maior difusión do mesmo.

Segue quedando pendente para o curso que ven a realización dun simulacro de incendio na hora da comida. Iniciativa que nos parece moi interesante e conveniente. Sería bo contar coa colaboración do Concello neste aspecto.

Un dos obxectivos primordiais do Comedor Escolar deste Centro é proporcionar a toda a Comunidade Educativa un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario das familias. Durante este curso foi posible dar este servizo, con gran satisfacción por parte da comunidade educativa deste centro, posto que se enviou unha terceira axudante de cociña.

Tanto o Equipo directivo, a encargada de comedor, o persoal laboral e a ANPA cren na necesidade de manter, a lo menos, o persoal laboral deste comedor cunha persoa máis en calidade de axudante de cociña para poder seguir ofertando á nosa comunidade o mesmo servizo que ata o momento. En canto ás instalacións do Comedor e mantemento das mesmas realizáronse algunhas melloras e outras están en marcha cara o seguinte curso:

#### **Melloras realizadas:**

Arranxo da peladora

Recambio das pezas da vaixela que o necesitaban e do enxoval de cociña.

Incremento de olas de aceiro inoxidable.

Colocación aparatos eléctricos para as moscas.

Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello.

Pintado das paredes.

Reposto dos manteis deteriorados.

Arranxo do frigorífico.

Habilitación do “comedor pequeno”

Compra dun arcón conxelador pequeno.

Compra de bancos e “salvasuelos” para pousar alimentos.

#### **Melloras por realizar:**

Repintado das portas da cociña.

Colocación do protector da luz nun almacén

Reparación dunha mosquiteira.

Reposto dos manteis deteriorados durante o curso.

Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello.

Colocación do novo frigorífico.

Solicitud dunha nova peladora.